



RESOLUCIÓN REITORAL DE 7 DE XUÑO DE 2021 POLA QUE SE ABRE A CONVOCATORIA DE 8 AXUDAS PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 26 DE SETEMBRO AO 2 DE OUTUBRO DE 2021 NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 UNIFORS 2020 (UNIVERSITIES FOR FUTURE WORK SKILLS 2020) NA HAUTE ÉCOLE DE LA PROVINCE DE LIÈGE (BÉLXICA).

A Universidade de Vigo, como institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para realizar actividades co programa Erasmus+, participa nun proxecto de mobilidade no marco da acción KA2, asociacións estratéxicas, para desenvolver accións de cooperación e innovación de boas prácticas incluíndo programas de estudo de carácter internacional, accións de formación de curta duración no que participan estudantes e persoal docente de institucións de ensino superior de diferentes países co obxectivo de que estudantes e persoal docente traballen en grupos multinacionais, así como permitir que membros do persoal docente melloren os contidos desenvolvidos en materia de competencias transversais. A Universidade de Vigo é membro da asociación estratéxica que desenvolve este programa, proxecto financiado pola Unión Europea dentro da KA2, accións estratéxicas, correspondente ao ano 2018. Os antecedentes deste proxecto son diversos programas relacionados coas competencias transversais e a metodoloxía Design Thinking nos que a Universidade de Vigo participou nos anos anteriores.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude da participación da Universidade de Vigo no programa UNIFORS e das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, 8 axudas destinadas a alumnado de calquera titulación da Universidade de Vigo, en réxime de concorrencia competitiva para cubrir os gastos de viaxe a Liexa (Bélxica) para participar nun curso intensivo do 26 de setembro ao 2 de outubro de 2021.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica da Universidade de Vigo: <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*. Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Asinado dixitalmente en Vigo o 7 de xuño de 2021

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

María Isabel Doval Ruiz





ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE 8 AXUDAS PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 UNIFORS**1. OBXECTO**

Estas axudas teñen por obxecto ofrecer a estudantes de calquera titulación da Universidade de Vigo a posibilidade de financiar a súa participación presencial nun curso intensivo do 26 de setembro ao 2 de outubro de 2021 na Haute École de la province de Liège, en Bélxica.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadá/n dalgún dos 28 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, dun país candidato á adhesión (Turquía e a Antiga República Iugoslava de Macedonia), Suíza ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

- b) Requisitos académicos:

Estar matriculados/as na Universidade de Vigo no curso 2020-21, a lo menos nunha materia dalgunha titulación oficial, así como compromiso de estar matriculado no curso 2021-22.

Participar, ou ter participado, no Curso Complementario "Competencias transversais para o futuro laboral" en calquera das súas edicións: primeira (Código: C3052001) ou segunda (Código: C3052101), de carácter gratuíto e organizado entre as actividades do proxecto UNIFORS 2020, que se celebra na Universidade de Vigo no mes de novembro de 2020 e xuño de 2021, respectivamente.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas en quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro *Lei xeral de subvencións*.

3. DURACIÓN DAS BOLSAS

As bolsas terán unha duración de sete días ademais dos días de viaxe. O curso terá lugar do 26 de setembro ao 2 de outubro de 2021.

4. INCOMPATIBILIDADES

Non poderán solicitar esta bolsa os/as estudantes que gocen doutra bolsa de intercambio promovida pola Oficina de Proxectos Internacionais ou a Oficina de Relacións Internacionais durante o mesmo período.





En relación co parágrafo anterior, o persoal beneficiario ten que ter en conta que o importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*.

5. DOTACIÓN ECONÓMICA

Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2021OPI1121DUNI48210 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a **3000 €** para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

O financiamento para as axudas á mobilidade no cadro desta convocatoria procede de fondos da Comisión Europea e que serán transferidos á Universidade de Vigo pola universidade coordinadora do proxecto.

O/a estudante beneficiario/a recibirá unha axuda de viaxe por un importe de 375 €. O importe total da axuda será aboado por transferencia bancaria á unha conta da que sexa titular a persoa beneficiaria, unha vez a persoa beneficiaria presente a súa aceptación da axuda por escrito dirixido á Oficina de Proxectos Internacionais.

O/A bolseiro/a terá cubertos os gastos de aloxamento e manutención (media pensión) pola universidade organizadora.

6. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O formulario de solicitude en liña atoparase na Secretaría Virtual (formularios e enquisas) da Universidade de Vigo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/>; As persoas candidatas deberán descargalo e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, achegando unicamente o arquivo xunto coa documentación necesaria.

A documentación que acompañará as solicitudes son as certificacións de coñecementos de idiomas.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación da solicitude ante a sede electrónica, poderán dirixirse ao enderezo electrónico informacion@uvigo.es

O prazo de presentación de solicitudes remata o **30 de xuño** de 2021 as 23:59 hora peninsular española.

Importante: o alumnado deberá facilitar como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio: alumnos.uvigo.es para os efectos de comunicación.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Listaxes provisoria e definitiva de solicitudes admitidas e excluídas





Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, a OPI publicará a listaxe provisoria de solicitudes admitidas a trámite e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas candidatas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación **para emendar os erros e a falta de documentación**, presentando as alegacións a través da sede electrónica da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á OPI.

Revisadas as alegacións publicaranse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite e excluídas.

Selección

A selección realizaraa a Comisión de selección tras valorar as actividades realizadas durante o curso complementario "Competencias transversais para o futuro laboral" (Código: C3052001), os expedientes académicos e comprobar os coñecementos de idiomas.

- 1- Valoración da tarefa individual de resolución dun caso de estudo baseada en competencias transversais, que representa a tarefa final do curso complementario "Competencias transversais para o futuro laboral" (Códigos: C3052001 ou C3052101) (máximo 5 puntos)
- 2- Media do expediente académico (máximo 2,0 puntos).
- 3- Puntuación acadada nos formularios online dos oito módulos do curso complementario "Competencias transversais para o futuro laboral" (Códigos: C3052001 ou C3052101) (máximo 2,0 puntos)
- 4- Coñecemento do idioma empregado como lingua vehicular no proxecto, o inglés (1,0 puntos). Poderá acreditarse mediante a presentación das certificacións de nivel, como mínimo B1, incluídas na táboa de acreditacións aceptadas por ACLES, que se poden consultar no seguinte enlace:

http://www.acles.es/files/ckeditor/tablas_de_certificados_reconocidos_por_acles_7.pdf

Están exentos de presentar as certificacións aqueles/as estudantes de Tradución e Interpretación que demostren por medio do seu expediente académico o coñecemento suficiente da lingua na que se desenvolve o programa sempre que o inglés sexa a súa primeira ou segunda lingua estranxeira no grao.

A Comisión de selección está composta por:

Presidente: Iñigo Cuiñas Gómez, responsable do proxecto na Universidade de Vigo

Secretaria: Itziar Goicoechea Castaño, membro académico do proxecto.

Vogal: Eva Garea Oya, Técnica Superior de Relacións Internacionais da Oficina de Proxectos Internacionais.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.



**Listaxe provisoria de persoas seleccionadas, denegadas e en lista de agarda**

Unha vez efectuada a selección pola Comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas, denegadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** para presentar alegacións a través da sede electrónica da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Proxectos Internacionais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Proxectos Internacionais comunicarlle a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas, denegadas e en lista de agarda, se procede, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

Todas as listaxes serán publicadas nos taboleiros da sede electrónica da Universidade de Vigo e no portal de bolsas da web da universidade.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. As persoas candidatas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia a través da sede electrónica da Universidade de Vigo a través da estancia xenérica (SXER) á OPI, no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncian.

As renunciadas aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria, co obxectivo de cumprir a finalidade da subvención, desprazarase do 26 de setembro ao 2 de outubro de 2021 á Haute École de la province de Liège, en Bélxica.

A persoa beneficiaria deberá presentar a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante estancia xenérica (SXER) dirixida a OPI a seguinte documentación:

1. Antes de iniciar a estadía: Copia da tarxeta sanitaria europea e dun seguro de asistencia en viaxe
2. Ao finalizar a estadía: Certificado de realización da estadía e títulos de transporte (ida e volta).

Durante o período de intercambio deberá estar matriculado/a en calquera titulación da Universidade de Vigo.





A persoa beneficiaria deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro *Lei xeral de subvencións*.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo cos principios de transparencia e información dos artigos 12 e 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos que se faciliten na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria e tramitar o pagamento das bolsas ás persoas que resulten beneficiarias e amparados pola *Lei 38/2003, di 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o Regulamento (UE) n ° 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013*, polo que se crea o programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión e polo que se derrogan as decisións n ° 1719/2006/CE, 1720/2006/CE e 1298/2008/CE.

Coa participación nesta convocatoria as persoas candidatas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de Erasmus+ KA2. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo no teléfono 986 813419 ou no enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal





Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

11. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

No caso de que a persoa beneficiaria non leve a cabo a estada ou parte dela, a Universidade de Vigo resérvase o dereito de reclamar o importe total ou parcial da bolsa.

Son causas de reintegro:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria

12. SINATURA ELECTRÓNICA

O alumnado interesado en presentar a solicitude nesta convocatoria deberá asinar a documentación que proceda mediante sinatura electrónica. Considéranse válidos para os efectos de sinatura electrónica os sistemas de sinatura electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servicios de certificación": <https://sedeaplicaciones.minetur.gob.es/Prestadores/>

13. VALIDACIÓN

Este curso intensivo supón actividades preparatorias, traballos durante o período de docencia e traballo posterior á docencia no comezo do cuadrimestre. O seu seguimento é compatible co resto das materias ao esixir só 1 semana de presencialidade no estranxeiro. O alumnado seleccionado que siga o programa e supere o curso obterá a validación de 6 créditos ECTS de acordo co proxecto KA2 subvencionado.

14. PLAN DE CONTINXENCIAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, o curso poderá desenvolverse mediante docencia non presencial. Neste caso a persoa beneficiaria non terá dereito á axuda de viaxe.

